

Xulio L. Valcárcel*

Notas para unha autopoética

1º. Unha *excusatio*. Nin por retórica, nin por falsa modestia: eu non son un teórico da literatura. Sospeito que a reflexión sobre o fenómeno poético e sobre o proceso de creación non é inútil nin ociosa (hai autores que pasaron á posteridade máis polo corpus conceptual que polos froitos das súas concepcións poéticas: Mallarmé) pero estimo insuficiente tratar de someter a canles racionais algo que ten tanto de intuición, de aloxicismo e de irracionalidade, como é o fenómeno poético. Se así for, os mellores poetas serían os catedráticos de literatura, os críticos e teóricos, pero a experiencia ensina cousas ben distintas. No fenómeno poético hai unha serie de claves escuras, misteriosas..., non susceptíbeis de ser codificadas..., (esa é a súa grandeza). A poesía pode ser entendida sen “entenderse”, sen ter que ser explicada.

2º. A poesía, que está a perder presenza nos *mass*, prensa, radio, etc., (aínda que xurdan outras alternativas como Internet), é, como expresión dunha emoción ou dunha vibración sentimental, un fenómeno de masas que está (ás veces) nos versos, pero tamén en moitas outras manifestacións da vida. A poesía impregna todo: unha cantiga popular, a expresión dun afecto, un concerto de pop/rock ou un partido de fútbol, coa súa liturxia de bandeiras e cánticos, son nun senso lato, fenómenos poéticos. Poida que Manolo García, Alejandro Sanz ou Mecano sexan os

(*) Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) participou nos colectivos poéticos “Cravo Fondo” e “De Amor e Desamor,” así como nas obras que estes xeraron. Individualmente, ten publicado os poemarios: *Véspera do día* (1979), *Alba de auga sonámbula* (1983), *Solaina da ausencia* (1987), *O sol entre os dedos* (1993) e *Memoria de Agosto* (1993). A súa obra está recollida en numerosas antoloxías como a *Escolma da poesía galega* (1984), de Xosé Lois García; *Desde a palabra, doce voces* (1986), de Luciano Rodríguez; *Poesía gallega de hoy* (1990); *Antología de la poesía gallega última* (1991), de César Antonio Molina e Francisco López-Barxas; *Los caminos de la voz, seis poetas gallegos de hoy* (1995), de Luciano Rodríguez e *Poesía Gallega Contemporánea* (1996). Así mesmo, conta con dous volumes antolóxicos individuais: *En voz baixa (Quince anos de poesía 1979-1994)* (1995) e *El volumen de la ausencia* (1997), edición bilingüe galego/castelán, ambos os dous con selección de Luciano Rodríguez. Foi Premio Nacional de Poesía para menores de 25 anos, Premio Guimarães (Portugal), Premio “Celso Emilio Ferreiro” do Concello de Santiago en 1979, Premio “Antonio Tovar” de Ourense en 1993, Premio “Miguel González Garcés” de A Coruña en 1993 e “Premio da Crítica Española” 1994, entre outros. É autor de diversos traballos sobre arte e literatura e dun libro de relatos: *Anel de mel* (1991).

xograres actuais..., agora ben, teño dúbidas a respecto do proceso de *vulgarización* do potencial poético que a sociedade agocha. Sería necesario conxugar difusión e calidade. (Escoitar a miles de persoas cantar apampadas “aire urbano, que aunque no es el más sano, lo prefiere el ser humano..”, resulta un espectáculo frustrante..., pero non deixo de recoñecer o papel fundamental de cantautores como Paco Ibáñez, Amancio Prada ou Serrat -recentemente Ana Belén con *Lorquiana*- á hora de achegar a poesía ao gran público. Un público que nunca accedería a eses poemas pola vía do libro). Isto non me impide soste que, certamente, a poesía esixe unha ascese, un esforzo para chegar a ela. Por iso o lector de poesía non é un lector consumista, por pasar o rato. É un lector/receptor que interioriza a mensaxe recibida e que incluso a memoriza, que a experimenta como propia, nun proceso de auto-recoñecemento e de identificación. A poesía en canto funde concepto e expresión, fondo e forma, en si mesma (unha é o outro, forma e fondo son o mesmo) permite a esencialización e, en consecuencia, a súa pervivencia temporal... Ese milagre de sentir a cantiga de Mendiño como algo noso, actual.

3°. Tanto como expresión dun concepto ou como transmisión dunha emoción, interésame a poesía como vía de coñecemento. Fronte ao absolutismo brután do racionalismo e do neopositivismo, que reducían o coñecemento ao verificábel empiricamente, a poesía constitúese nesa outra vía de acceso ao inefábel, ao non evidente nin expreso, á outra cara da lúa: realidade oculta máis densa e máis complexa á que podemos achegarnos, que podemos percibir, a través da poesía, como en xeral a través da arte en calquera das súas expresións. A este respecto non deixa de ser interesante a aproximación da ciencia actual, moi achegada á filosofía e a poesía nalgunhas das súas formulacións abstractas. Temos aí unha confluencia de métodos complementarios para acadarmos un coñecemento máis completo da realidade. O poeta escribe para tratar de esclarecer o que ten de máis oculto, de máis secreto e escuro, de máis único e indescifrábel... Os sentimentos son os mesmos que os do resto das persoas pero a emoción do poeta vai máis aló, a ofrendar o “indecible”, e que sen embargo hai que *decir*, transformando o desconocido en cognoscíbel. O poeta, di Reverdy, está “na intersección de dous planos cun fío cruelmente aceirado, o do soño e o da realidade...”

4°. O xerme creativo do poema está dentro, é un rumor, un son, unha idea..., que haberá que verquer cara a fóra, na forma que esa vivencia teña interiormente. Ou sexa, a forma non é anterior nin posterior, é simultánea, e pode ser en versos clásicos, brancos, libres... pero sempre buscando a unión íntima entre a palabra e o espírito. O que non cabe é prefixar unha forma estándar, previa, como un molde no que se verque o material poético. O resultado pode ser tecnicamente intachábel pero carente de alento e de credibilidade. Do que se trata, en suma, é de que se produza unha comunión entre pensamento e sentimento. A palabra poética non é didáctica, non reflicte a realidade senón que a crea de novo. Na linguaxe poética as palabras non teñen o uso de cambio e de utilidade ordinarios..., no poema as palabras empréganse coa inocencia e a forza auroral da primeira –e da derradeira– vez. Non como moeda de troco, que significa algo que non é, senón como valor ouro (Valery): a moeda non vale o que representa, senón que representa o que verdadeiramente vale, o valor monetario é o mesmo que o valor metálico.

5°. Outra *excusatio*. *Musa tenuis*, palabra sinxela, trémula, fráxil, case desvalida... da lírica, fronte á *Musa gravis* da épica (non digamos xa da traxedia ou da

epopeia hoxe en desuso). Prefiro unha vez máis as brasas aos fogos de artificio. ¿Para quen?, “a minoría, sempre” ou “a inmensa maioría”. O poeta foi expulsado do Estado (Platón) e, en consecuencia, da súa función social, a poesía non cotiza en bolsa..., por moitos é desprezada e os poetas cualificados de maricóns ou loucos (“poeta e louco...”). O poeta teno difícil e precisa unha vocación firme: está só e traballa en soedade cun material intanxíbel: o espírito, a imaxinación, as palabras. Pero a poesía non é útil nin inútil, non cumpre unha función práctica, valorábel, non ten un rol social, non espera unha compensación, nin compite con ninguén. Simplemente é *necesaria* para quen, sobre o consumismo e a barbarie, se achegue a ela e mesmo (“escribo acaso para los que no me leen” –Aleixandre–), para os que non se acheguen a ela, sexa con neutra indiferencia ou con aberto desprezo.

6°. *Prisma con frecuencias*. A permanente dúbida dos títulos: “Marcas na auga” “Escrito no vento” “Sinais de fume”..., sempre xirando arredor da idea de fragilidade, de desposesión –“A insoportable levidade do ser”, ao fondo–, do efémero. Finalmente, *Prisma con frecuencias* que atopei nunha carta de Lezama a S. Sarduy, utilizado noutro contexto e con outro significado... ¿Cal é o deste feixe de textos?. “Prisma”, de varias caras, que reflicte ou recolle unha realidade varia, plural, multifocal: do pasado ao presente, do interior ao exterior, do eu ao nós...; “con frecuencias”, que xira, prisma que xira, con diverso ritmo ou velocidade, pero con frecuencias, isto é, achegando novas visións pero volvendo ciclicamente ao punto de partida... En prosa, ¿por que?. Estou a favor da *composición*, mais considero as formas clásicas demasiado encorsetadas. Teño a convicción de que a maioría dos lectores en canto ven –sen lelo sequera– un poema con metro e rima sospeitan –quizais con razón– de algo artificioso, estereotipado e inauténtico. O texto perde nese momento, xa a priori, o valor fundamental da credibilidade (credibilidade que si tiñan os autores clásicos nas formas clásicas: Camoens, Quevedo..., formas que hoxe corren o perigo de resultar litúrxicas, anacrónicas,... e non conectar co destinatario –Contra o que se di, o problema da poesía non é tanto de reiteración de temas, como de tratamento formal–). Non renuncio a ningún metro, (sigo a facer versos..., xa falei antes de que fondo e forma son simultáneos e que a forma vén dada, determinada de orixe, pola mensaxe interior que se trata de transmitir...); simplemente é un experimento. Palabras núas, contundentes e precisas, como pedras caendo na auga dun estanque, formando uns circo, como non, efémeros... Por outras canles Torga ou Galeano, sen eu sabelo, tiñan chegado a solucións semellantes.

A Coruña, Xaneiro, 99.

PRISMA CON FRECUENCIAS

Memoria e ausencia, 1

Nalgún sitio liches que o tedio alonga o tempo... e recordaches as tardes de domingo, interno no colexio. A chuvia, o frío que te acorralaba, que ía socavando implacable toda resistencia, asolagándote por dentro, ennovelado como un cadelo abandonado, refuxiándote nos soños, como quen procura o esquezo para seguir...

Memoria e ausencia, 2

Ficaba tan triste cando vós marchabades... Erraba só polos soutos, mentres sentía como unha vaga, densa, fonda, que me subía por dentro ata anegarme nun pranto sen bágoas. Sentía en min a soidade de todo o que me rodeaba. Era un templo a tarde, un templo de soidade inabarcable. Xa tan neno intuindo a soidade absoluta. Presentindo o que viría.

Liña de sombra

Aos vinte anos non coñeces a morte. Falas dela, polo prestixio ennobrecido do que consideras un bo tema literario. Pero non estiveche no cuarto final dun moribundo, non percibiches o aroma a mentol e a cera fría, non sentiches sobre ti a súa derradeira mirada implorante, dicíndoche non quero morrer, a suprema impotencia, en ti, nos teus ollos. Por iso a beleza dura o tempo que se descoñece a morte. A partires de aí vén esa liña de sombra, entras na outra cara da realidade e xa non volverá ser posible soñar o absoluto.

Ragazza en Roma

Ragazza nunha Yamaha. Móntaa. As súas torneadas pernas cinguen a moto doce-mente. Masca chicle e mentres espera a que o semáforo se abra, sente rubindo polo seu ventre, o ronrón do motor, un animal vivo e poderoso entre as súas pernas. Mira desde arriba cun aquel de insolencia, é tan nova, a penas vinte anos. Monta unha Yamaha, de ruidosa potencia, acelera, os loiros cabelos escapan no vento. Ten a penas vinte anos e monta unha Yamaha. Co seu bernal ao lombo, tan libre e inconsciente, case ingrávida, a vida toda diante, acelera e vaise, sentindo dentro de si o tremor de outro corazón, unha chamada á que acode co frémito delurado dunha ferida, egua desbocada, doce amazona do asfalto, en Roma. Ten a penas vinte anos e monta unha Yamaha...

Metadona

Metadona. Silente surtidor que flúe no escuro. Todo está fechado, as paredes avanzan sobre ti e non sabes como escapar. Metadona, estás atrapado. Un amplo corredor de frío, uns curas que te azoutan, un deus implacable. Metadona. A súa amarela dentamía, a súa suxa e amarela dentamía a corroerte. Esa metálica luz sen esperanza é a parca luz dun mencer de malos froitos. Auga no escuro. Metadona.

Ameixas

Miro as túas mans, manxas ameixas. As túas brancas mans de elegantes dedos longos, achegan as ameixas aos teus labios entreabertos. Fanse as ameixas polpa golosa, melodiosa calidade saborosa, como un mar que te asedia por dentro. Miro a forma en que se moven, cun primitivismo animal, as túas mandíbulas.

E de pronto, suspensa, queda, a túa boca entreaberta, espera a acometida.

Miro os teus ollos que me enfitan mentres tomas ameixas. E como, golosa e discreta, chupas o néctar que se escorre dos teus dedos, mentras miras as ameixas...

Amantes

En brazos da muller madura, rematado o ritual amoroso, como quen se mergulla nun sono denso e prático, na extensión aberta dun corpo que te acollese como un mar tépedo, adormecías así, coa cara apoiada no seu ventre, ao amparo cálido dos seus peitos, como un cadeliño, como che gustaba adormecer coa túa nai cando eras neno.

Pranto

Unha muller chora ao outro lado, e o seu pranto, que abrolla triste, resignado, envolve todo, impregna todo como unha brétema cega de desolación e desamparo. Tatexantes, rotas, esforzadas as palabras nesa chamada de auxilio que nin sequera se atreveu a facer pero que agora recibe como unha fráxil táboa de salvación á que agarrarse.

É unha muller vella e está soa, soa na casa que se agranda e se fai inmensa baixo o peso doloroso dos recordos... Neste día de festa, antano tan agardado e feliz, sente como unha néboa fría e húmida a lembranza dos seus pais mortos, o seu tío morto, a escasa familia á que se encontraba tan unida... Sente, sobre todo, acrescentando a súa soidade ata a anguria, a ausencia do seu home. “¡Como se botou enriba a vida!, ¡Como pasaron os anos!. Se parece que foi onte cando eramos mozos e bailabamos, namorados e felices, tal día coma hoxe, nestas festas...”. Agólpanse as lembranzas: os seus fillos nenos, a ilusión que lles facía montar nos cabaliños, e aquela vez que o máis grandíño lles valeizou o vaso de auga enriba do prato de polbo e aínda así se comeu... Tempos difíciles tamén, pero canto máis ilusionados que a precariedade de hoxe... Pero os fillos tempo hai que deixaron o fogar, voaron libres e foron espaciando cada vez máis as chamadas, as cartas, as visitas..., con outros proxectos, outros problemas, outras aspiracións que cumprir.

Ao outro lado unha muller chora, rotunda, sen vergoña, incapaz de controlar un torrente interior que se desborda, que se abre como un dique cara a fóra. Son lágrimas de aceptación, que abrollan cun calado dramatismo, sen amargura, sen reproches... constatando o seu desamparo, admitindo a súa soidade, o seu abandono, a súa radical orfandade.

Afrenta é para a súa dor o atroado rebumbio, a axitada cirigaita exterior que contrasta co mesto e pesado silencio destes cuartos valeiros nos que agora só é perceptible a morneza do seu alento, o único son da súa respiración e do seu pranto.

Alfa e omega
(D. ANTONIO EN COLLIURE)

“Abre a xanela, que entre o olor do campo, o aire da infancia”, dixo desde o leito, concentrado, transcendente, con esa transcendencia final dos moribundos, quizais porque recordaba aquilo de Antonio, “estos días azules y este sol de la infancia”, naquel papeliño dobrado no peto do gabán, en Colliure, ningún testamento máis fráxil, máis emocionadamente desposuído.

Acto final

Erguerse, na rutina de todos os días, unha vez máis..., un día como outro calquera. E o avó, ignorante de que aquela ía ser a última luz que se pousaría na dozura velada dos seus ollos, despois de saír a arranxar algúns asuntos sen urxencia, púxose a picar unha pouca leña. Cando, ao descargar un golpe, sentiu o fío da machada no máis fondo de si e chegado o instante supremo, próximo a embarcar a bordo da barca que nunca ha de voltar, nun acto de alta dignidade final, sen descompoñerse, sentou, non sen antes sacar a pucha e colocala no chan, para non luxarse...

A Coruña, Xaneiro 1999